



MERCA AQUÍ LEVA COMPOSTELA NO CORAZÓN

BONOS CORAZÓN COMPOSTELA

**SE ES CLIENTE
TROCA O TEU BONO**

*Por cada compra realizada a través do bono,
recibirás un boleto para optar
a vales de compra adicionais.*



+info: bonoscorazoncompostela.gal

1. QUE SON OS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

O programa de bonos Corazón Compostela é unha iniciativa do Concello de Santiago que ten por obxectivo incentivar a actividade económica mediante o cofinanciamento de **bonos para o consumo no comercio e na hostalería local**.

2. COMO FUNCIONAN OS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

Cada cliente disporá dun **único bono por importe de 75 €**, cofinanciado nun 40% polo Concello de Santiago (30 €) e nun 60% pola persoa solicitante (45 €).

O importe do bono iráse consumindo nas compras de bens e servizos realizadas nos establecementos adheridos ao programa.

3. COMO SOLICITAR O MEU BONO CORAZÓN COMPOSTELA?

Entra na web www.bonoscorazoncompostela.gal e rexístrate indicando os teus datos. Unha vez validada a solicitude e verificada a achega do cofinanciamento, poderás descargar o teu bono en formato dixital a través dun código QR.

Se prefíres solicitalo de maneira presencial, deberás pedir unha cita previa a través do enderezo electrónico comercio@santiagodecompostela.gal.

4. QUEN PODE OBTER OS BONOS CORAZON COMPOSTELA?

Calquera persoa pode beneficiarse do programa. O único requisito é ser maior de idade.

5. CANDO PODO EMPREGAR O MEU BONO?

Tes de prazo ata o **10 de decembro de 2021**. Nese momento o bono caduca e perderás o saldo remanente que non consumiras.

6. COMO TROCO O MEU BONO CORAZÓN COMPOSTELA?

No momento de pagar deberás presentar o teu bono Corazón Compostela a través da aplicación móbil do programa. O importe de cada compra ou servizo adquirido iráse descontando do saldo inicial de 75 €. Podes esgotalo nun só acto de consumo ou en varios, no mesmo ou en diferentes establecementos adheridos.

7. ONDE PODO MERCAR CO MEU BONO?

A listaxe de establecementos comerciais e de hostalería adheridos ao programa será publicada na web

www.bonoscorazoncompostela.gal


co seu nome e localización.

Así mesmo, todos lucirán carteis e adhesivos para indicar que alí podes trocar o teu bono.

8. QUE OCORRE SE DEVOLVO O QUE MERQUEI?

Nese caso, podes aplicar o importe do bono a outra compra de prezo igual ou superior ou trocalo por un vale sen caducidade.

**ENTRA XA EN
WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL
E REXÍSTRATE!**





+info: bonoscorazoncompostela.gal